Guía Básica de Acollida Facultade de Economía e Empresa Curso 2021-2022 Universidade da Coruña



Plan de Acción Titorial (PAT)

Setembro 2021

ÍNDICE

| 1. | INTRODUCIÓN | 3 |
|----|--|----|
| 2. | PRIMEIROS PASOS "VIRTUAIS" NA FEE | 3 |
| F | PASO 1: REXÍSTRATE EN SERVIZOS | 3 |
| F | PASO 2: VISITA A WEB DA FEE | 4 |
| F | PASO 3: EXPLORA O CAMPUS VIRTUAL | 5 |
| F | PASO 4: COÑECE OUTLOOK E TEAMS | 6 |
| F | PASO 5: COÑECE O PAT | 8 |
| 3. | PRIMEIROS PASOS "PRESENCIAIS" NA FEE: PLANOS | 9 |
| 4. | ENLACES DE INTERESE | 15 |

1. INTRODUCIÓN

Este documento é unha Guía Básica de referencia rápida para o estudantado de novo ingreso na Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña (UDC). Nel desenvólvense, dun xeito eminentemente práctico e sinxelo, os primeiros pasos "virtuais" que deberían seguir tódalas persoas que se incorporan por primeira vez á FEE. Tamén incluímos unha serie de planos que guiarán os primeiros pasos "presenciais" dos novos/as estudantes na Facultade. Finalmente, recóllense un conxunto de enlaces a información de interese.

2. PRIMEIROS PASOS "VIRTUAIS" NA FEE

Cando falamos de primeiros pasos "virtuais" referímonos a todas aquelas accións que realizarás de xeito telemático (online) e que son precisas para comezar a desenvolver a túa actividade como estudante da FEE.

A Figura 1 sintetiza estes pasos "virtuais" que a continuación detallaremos.



FIGURA 1. PRIMEIROS PASOS "VIRTUAIS" NA FEE

PASO 1: REXÍSTRATE EN SERVIZOS

Se es un novo estudante da UDC debes proceder a activar os teus servizos. Precisarás o **código de activación** e o **número e tipo de documento** co que te identificaches diante da UDC (N.I.F, N.I.E., Pasaporte, Documento da UE ou Outros) no momento de formalizar a túa matrícula. Recibiches o teu código de activación xunto co resgardo de matrícula, pero se non o atopas podes solicitalo de novo contactando coa <u>Administración da FEE</u>.

Enlace para activar SERVIZOS:

https://servizos.udc.es/activacion/activacion-novo-usuario



Activación de novo usuario

Se es un novo membro da UDC debes proceder a activar os teus servizos. Precisamos o código de activación e o número e tipo de documento co que te identificaches diante da UDC, no momento de formalizar a túa matrícula ou o teu contrato.

Se es estudiante recibiches o teu código xunto co resgardo de matrícula (se non o atopas, podes solicitalo de novo no teu centro). Se es PAS, PDI, Persoal de Convenios e Contratos ou persoal da FUAC atoparalo coa copia do teu contrato (podes solicitalo de novo no servizo de persoal correspondente).

| Código de activación Tipo de documento Documento da UE ✓ Número de documento Activarme ou entrar na intranet da UDC | | |
|---|----------------------|--|
| Tipo de documento Documento da UE Número de documento Activarme ou entrar na intranet da UDC | Código de activación | |
| Número de documento Activarme ou entrar na intranet da UDC | Tipo de documento | Documento da UE 🗸 |
| Activarme ou entrar na Intranet da UDC | Número de documento | |
| | | Activarme ou entrar na intranet da UDC |

Dende a páxina de <u>https://servizos.udc.es</u> terás acceso aos diferentes servizos da UDC, entre eles o Campus Virtual (Paso 3) e/ou Outlook e Teams (Paso 4).

PASO 2: VISITA A WEB DA FEE

A páxina web da FEE debería estar nos teus marcadores web favoritos a partir de agora. Nela poderás consultar cousas tan interesantes como os teus **horarios de clase**, as datas dos **exames finais** ou o horario de **titorías do profesorado**, así como manterte informado/a sobre as **novidades** da Facultade.

http://www.economicas.udc.es/

Na parte superior aparece un acceso aos menús, no que se pode atopar información pormenorizada, que afecta entre outros ao estudantado.



Ao acceder ao menú podes ver accesos a diferentes tipos de informacións. Un deles específico para estudantes, xa que fala de calendarios de clases, exames, prácticas e diferentes aspectos máis directamente relacionado con vós. Calquera información que necesites debes comezar a buscala por aquí.



Os outros elementos do menú permiten acceso a diferentes tipos de información e, aínda que non se refiren directamente aos estudantes, é interesante que os vaias explorando, para así coñecer diferentes aspectos do funcionamento deste centro.

PASO 3: EXPLORA O CAMPUS VIRTUAL

Moodle é a plataforma virtual que ten como obxectivo principal dar soporte ao **Campus Virtual** da UDC. Atoparás un "curso" no Campus Virtual para cada unha das materias nas que estás matriculado/a.

O profesorado soe empregar o Campus Virtual para poñer **documentación** (apuntes, lecturas, exercicios...) a disposición do alumnado, pode haber **foros de debate**, **cuestionarios de autoavaliación** ou outros elementos.

No Campus Virtual tamén se realizan **probas e exames de avaliación**, por iso é importante que te manexes ben nesta ferramenta.

Podes acceder dende a páxina de **SERVIZOS** ou directamente dende este enlace coas túas credenciais:

https://campusvirtual.udc.gal/



PASO 4: COÑECE OUTLOOK E TEAMS

Outlook e Teams son dúas aplicacións do paquete Office 365 que a UDC pon á túa disposición e que vas a empregar regularmente a partir de agora.

Podes acceder dende a páxina de **SERVIZOS** ou directamente dende este enlace coas túas credenciais da Universidade:

http://portal.office.com

| | E DA CORUÑA | Office 365 | | | | | | 0 © | 27 |
|-------------------|--------------------------------|----------------|-----------|------------|----------|----------------------|----------------|------------------|------|
| Buenos | días | | | | ,O Bus | car en las aplicacio | ones, los docu | mentos, los cont | |
| Aplicacior | nes | | | | | Instalar I | as aplicacione | es de Office 🖂 | |
| | 6 | w | × | P | N | S | T B | | |
| Outlook | OneDrive | Word | Excel | PowerPoint | OneNote | SharePoint | Teams | | |
| N | s | F | žř | D | _ | | | | |
| Class Notebook | Sway | Forms | Planner | Delve | Flow | | | | |
| Explorar todas | sus ap <mark>licaciones</mark> | ÷ | | | | | | | |
| Documen | tos | | | | | → Carga | ar y abrir | Nuevo 🗸 | |
| Recientes | Anclado Cor | mpartidos conr | nigo Dete | ctar | | | | | |
| | | | | | | | | Coment | ario |

Como podes ver na imaxe precedente, ademais de Outlook e Teams, tes á túa disposición outras aplicacións que atoparás de interese e que empregarás frecuentemente na túa actividade académica. Por citar as máis empregadas cabe mencionar OneDrive (almacenamento na nube), OneNote, Word, Excel ou PowerPoint.

OUTLOOK: CORREO ELECTRÓNICO INSTITUCIONAL

A través do **Outlook** podes operar coa túa **conta de correo institucional** (*oteunome@udc.es*).

Nesta conta recibirás a maioría das notificacións (notas, información de prácticas, actividade no Campus Virtual...).

Dende esta conta é dende onde debes dirixirte ao profesorado e outro persoal da FEE e da UDC.

Evita empregar contas de correo privadas na túa actividade académica.

É moi recomendable (por non dicir imprescindible) conectarse ao menos unha vez ao día.



Neste enlace podes ver diferentes vídeo titoriais sobre Outlook.

TEAMS: CHAT, REUNIÓNS, VIDEOCHAMADAS E COLABORACIÓN

A aplicación **Teams** permite desenvolver clases virtuais, titorías ou outras actividades mediante videochamadas entre profesores/as e alumnado. Tamén permite chatear e compartir arquivos.

Para cada materia na que estás matriculado/a existe un grupo de Teams no que estás xa agregado/a.

É o complemento perfecto ao Campus Virtual e debes revisar periodicamente se tes algunha mensaxe (aínda que podes configuralo para recibir un aviso na túa conta de correo institucional).



Neste enlace podes diferentes vídeo titoriais sobre Teams.

PASO 5: COÑECE O PAT

O Plan de Acción Titorial (PAT) da FEE é un programa de titorización de carácter voluntario que presenta, entre outras, as seguintes vantaxes para o alumnado de nova incorporación:

- ACOLLER e FACILITAR a adaptación na UDC dun xeito máis persoal a cada alumno/a.
- **ORIENTAR** academicamente e profesionalmente.
- ACOMPAÑAR-SEGUIR ao alumnado no proceso de aprendizaxe.
- **MEDIAR** nas relacións problemáticas que se poidan dar puntualmente.
- AXUDAR no ámbito persoal si fora necesario ou remitilo a outros servizos se non é posible.

Terás asignado un/ha **TITOR/A PAT** (profesor ou profesora da FEE) que te acompañará ao longo de toda a túa vida académica.

Contarás tamén con un/ha **MENTOR/A PAT** (alumno/a de últimos cursos) que che servirá de punto de referencia e ao/á que lle poderás consultar as túas dúbidas ou inquedanzas.

Podes consultar quen é o/a teu/túa TUTOR/A PAT e o/a teu/túa MENTOR/A PAT, así como obter máis información sobre os servizos ofrecidos polo PAT, na sección do PAT na páxina da FEE: <u>http://bit.ly/patfee</u>



3. PRIMEIROS PASOS "PRESENCIAIS" NA FEE: PLANOS

Nesta sección unicamente queremos recordarche a importancia de seguir o Plan de Prevención e Hixiene fronte á COVID-19 que podes consultar <u>aquí</u> e facilitarche unha serie de planos para que poidas comezar a situarte no noso centro.

Nas imaxes aparecen os nomes antigos dos departamentos, (agora só hai dous: Empresa e Economía), pero colocouse nas descricións de texto os departamentos correctos, coas diferentes areas que conteñen, para que resulten máis indicativos.



ANDAR 0: Entrada

- Entrada. Secretaría. Conserxería.
- Aulas de informática 0.0, 0.1 e 0.2; Aulasnet; Aulas de clase 0.3 a 0.6.



ENTREPLANTA

- Decanato; Asociacións de estudantes.
- Despachos de profesores (departamentos con sede noutra facultade: dereito, informática, socioloxía ...)



ANDAR 1: Entrada superior

- BIBLIOTECA.
- Aulas de clase 1.1 a 1.7; Aulas POP.
- Departamento de Empresa: Economía Financeira e Contabilidade.



ANDAR 2

- Fotocopiadora.
- Aulas de clase 2.1 a 2.11
- Departamento de Economía: Fundamentos de Análise Económica
- Departamento de Empresa: Comercialización e Investigación de Mercados, Organización de Empresas.



ANDAR 3

• Departamento de Economía: Economía Aplicada, Historia e Institucións Económicas, Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa



4. ENLACES DE INTERESE

- ADI Atención a la diversidade: <u>www.udc.es/cufie/adi</u>
- Asociacionismo Universitario: <u>https://www.udc.es/sociedade/asociacionismo</u>
- Biblioteca da UDC: <u>http://www.udc.gal/biblioteca/</u>
- Biblioteca da FEE:
 <u>https://www.udc.es/es/biblioteca/informacion_xeral/bibliotecas/eco_em/</u>
- Bolsas propias da UDC: https://www.udc.es/es/admision_bolsas/bolsas-propias/
- Centro de linguas: <u>http://www.centrodelinguas.gal/</u>
- Cursos formación ONLINE: <u>https://www.udc.es/gl/cufie/TELEFORMACION/eventos/</u>
- Cursos formación: <u>https://www.udc.es/cufie/ufa/paa</u>
- Deporte e actividade física universitaria: <u>www.udc.es/deportes</u>
- Mobilidade FEE internacional: <u>http://www.economicas.udc.es/gl/pag/419/internacional/</u>
- Mobilidade FEE nacional: <u>http://www.economicas.udc.es/gl/pag/420/nacional/</u>
- Mobilidade UDC: <u>https://www.udc.es/ori/</u>
- Normativa de estudantes: <u>http://www.udc.gal/normativa/estudantes/index.html</u>
- Oficina para a Igualdade de Xénero: <u>https://www.udc.es/es/oficinaigualdade/</u>
- Prácticas Académicas Externas: http://www.economicas.udc.es/gl/pag/418/practicas-academicas-externas/
- Problemas informáticos do alumnado: <u>https://axudatic.udc.gal/</u>
- SAPE Asesoramento e promoción ao estudante: <u>www.udc.es/sape</u>
- Titulacións impartidas na FEE: <u>http://www.economicas.udc.es/gl/pag/344/titulacions/</u>
- UDC: <u>www.udc.gal</u>
- Voluntariado: <u>http://www.udc.gal/ocv/</u>